UNIVERSIDADE DA CORUÑA

MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE A CORUÑA. NORMA ZONAL 7. INSTALACIÓNS ESPECIAIS. FÁBRICA DE ARMAS.

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO

XUÑO 2022

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

Oficina de Planeamiento, S. A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña (España)

opsa @ odepsa.com
telf (34) 981 272 151
fax (34) 981 145 629

MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE A CORUÑA. NORMA ZONAL 7. INSTALACIÓNS ESPECIAIS. FÁBRICA DE ARMAS.

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO XUÑO 2022

Oficina de Planeamiento, S. A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña (España)
opsa @ odepsa.com
telf (34) 981 272 151
fax (34) 981 145 629

MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE A CORUÑA. NORMA ZONAL 7. INSTALACIÓNS ESPECIAIS. FÁBRICA DE ARMAS.

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO **XUÑO 2022**

O presente Documento de Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña. Norma Zonal 7. Instalacións Especiais. Fábrica de Armas, foi producido pola Oficina de Planeamiento, S.A., elaborándose para a Universidade de A Coruña, sendo realizado polo arquitecto Alfonso Díaz Revilla, rematándose o presente Documento Ambiental Estratéxico o 17.06.2022.

O autor,

33834645N ALFONSO DIAZ (R: A15030422)

Firmado digitalmente por 33834645N ALFONSO DIAZ (R: A15030422)
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Reg:15021 /Hoja:C-9268 / Tomo:1358 /Folio:165 /Fecha:11/07/2019 / Inscripción:11ª, serialNumber=IDCES-33834645N, givenName=ALFONSO, sn=DIAZ REVILLA, cn=33834645N ALFONSO DIAZ (R: A15030422), 2.5.4.97=VATES-A15030422, o=OFICINA DE PLANEAMIENTO SA, c=ES
Fecha: 2022.06.21 12:40:53 +02'00'

Asdo.: Alfonso Díaz Revilla

MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE A CORUÑA. NORMA ZONAL 7. INSTALACIÓNS ESPECIAIS. FÁBRICA DE ARMAS.

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO XUÑO 2022

ÍNDICE PÁX.

1.	**INTRODUCIÓN**	2
2.	**OBXECTIVOS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL**	3
3.	**ALCANCE E CONTIDO DA MODIFICACIÓN**	5
3.1.	ALCANCE E CONTIDO	5
3.2.	DEFINICIÓN DE ALTERNATIVAS CONSIDERADAS	6
4.	**DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DA MODIFICACIÓN**	7
5.	**CARACTERIZACIÓN DO MEDIO ANTES DO DESENVOLVEMENTO DA MODIFICACIÓN**	8
6.	**POTENCIAIS EFECTOS AMBIENTAIS DA MODIFICACIÓN**	9
7.	**INCIDENCIAS PREVISIBLES SOBRE PLANS E DIRECTRICES XERAIS E SECTORIAIS RELACIONADOS**	10
7.1.	ANTECEDENTES DE PLANEAMENTO	10
7.2.	PLANS E DIRECTRICES XERAIS E SECTORIAIS RELACIONADOS	11
8.	**XUSTIFICACIÓN DA APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA**	14
9.	**XUSTIFICACIÓN DA SELECCIÓN DE ALTERNATIVAS CONSIDERADAS**	15
10.	**MEDIDAS PREVISTAS PARA CONSERVAR O MEDIO AMBIENTE**	16

1. INTRODUCIÓN

O presente Documento Ambiental Estratéxico (DAE) é parte integrante do procedemento administrativo de Avaliación Ambiental Estratéxica ao que é sometida a Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña, referido ás determinacións da "Norma Zonal 7. Instalaciones Especiales" no ámbito da antiga Fábrica de Armas.

A entrada en vigor da "Ley 9/2006 sobre evaluación de los efectos de determinados planes y programas en el medio ambiente", que foi derrogada pola Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, introduciu na lexislación española a avaliación ambiental como un instrumento que permite integrar os aspectos ambientais na toma de decisións de plans e programas, incorporando ao novo dereito interno a Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de xuño de 2001, e implica que a planificación urbanística deba ter como referente a utilización racional do territorio para compatibilizar o desenvolvemento e o dinamismo económico necesario coa cohesión social, o respecto ao medio ambiente e a calidade de vida das xeracións presentes e futuras.

Así, a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece que o promotor do plan ou programa deberá presentar ante o órgano substantivo, xunto coa documentación esixida pola lexislación sectorial, unha solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, acompañada do borrador do plan ou programa e dun Documento Ambiental Estratéxico.

Con estes antecedentes, a Universidade de A Coruña como promotora da Modificación Puntual do Plan Xeral, subscribe este documento que dá resposta aos requirimentos establecidos na lexislación vixente, así como ao especificado pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio; documento que, xunto co Borrador da Modificación, servirá de punto de comezo do procedemento polo que se somete á Avaliación Ambiental Estratéxica.

2. OBXECTIVOS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL

A presente modificación puntual o é do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña, aprobado definitivamente mediante acordo do Pleno do Concello de A Coruña en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 2013 (DOG 08.03.2013), e ten por obxecto a alteración da normativa urbanística no referido á “Norma Zonal 7. Instalaciones Especiales” no ámbito da antiga fábrica de Armas, co obxecto de establecer como uso alternativo o correspondente a Industrial. Clase Servizos Especiais e I+D+i, en categoría 4ª.

A presente modificación puntual xustifícase pola necesidade de desenvolver, en condicións urbanísticas axeitadas, un grande complexo científico-técnico, altamente especializado, marco de referencia nacional para a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no ámbito das TIC.

A instalación deste complexo permitirá integrar en estratexias e obxectivos comúns as capacidades científicas e tecnolóxicas máis competitivas dentro do seu ámbito dispoñible en Galicia, ao tempo que facilitará o potenciamento das áreas de alta competencia investigadora dentro dese mesmo ámbito.

Para acadar este obxectivo é preciso modificar os usos contemplados na “Norma Zonal 7. Instalaciones Especiales” do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña no ámbito da antiga parcela da Fábrica de Armas, para, sen alterar o uso característico industrial, introducir como uso alternativo a Clase SERVIZOS EMPRESARIAIS e I+D+i.

A presente modificación tramitarase seguindo as disposicións enunciadas pola Lei 2/2016 do Solo de Galicia para a tramitación e aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico.

O promotor da presente Modificación Puntual é a Universidade de A Coruña.

3. ALCANCE E CONTIDO DA MODIFICACIÓN

3.1. ALCANCE E CONTIDO

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña, foi aprobado definitivamente mediante acordo plenario de 25 de febreiro de 2013 (DOG 08.03.2013) redactándose conforme ao establecido na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia:

O Plan Xeral, na súa Normativa Urbanística, establece no art. 7.2.7. as determinacións da "Norma Zonal 7. Instalaciones Especiales" en solo urbano consolidado, que se corresponde coas áreas delimitadas nas instalacións da Refinería de Petróleos, INESPAL e Grafitos e a Fábrica de Armas, establecendo as seguintes condicións de uso:

"Art. 7.2.7.- NORMA ZONAL 7. INSTALACIONES ESPECIALES

…

5- Condiciones de los usos

En todos los casos el uso característico es el INDUSTRIAL, categoría 6ª, admitiéndose como usos Complementarios el Industrial, Clase ALMACÉN, en Categoría 4ª; Clase SERVICIOS EMPRESARIALES e I+D+i, en Categoría 3ª; y GARAJE-APARCAMIENTO.".

Para acadar o obxectivo de desenvolver en condicións urbanísticas axeitadas o grande complexo científico-técnico no ámbito das TIC, é preciso introducir, no ámbito da antiga Fábrica de Armas, como uso alternativo o Industrial, Clase SERVIZOS EMPRESARIAIS e I+D+i, en categoría 4ª, sen que isto supoña alterar o uso característico Industrial actualmente establecido polo Plan Xeral, de tal xeito que este se poida desenvolver de xeito exclusivo, tal e como se detalla no Borrador do Plan que acompaña o presente documento.

Ditas condicións de uso quedarán redactadas do seguinte xeito:

"Art. 7.2.7.- NORMA ZONAL 7. INSTALACIÓNS ESPECIAIS

…

5- Condiciones de los usos

En todos los casos el uso característico es el INDUSTRIAL, categoría 6ª, admitiéndose como usos Complementarios el Industrial, Clase ALMACÉN, en Categoría 4ª; Clase SERVICIOS EMPRESARIALES e I+D+i, en Categoría 3ª; GARAJE-APARCAMIENTO ***y EQUIPAMIENTO Y ESPACIOS LIBRES. En la parcela de la Fábrica de Armas se establece como uso alternativo el Industrial, Clase SERVICIOS EMPRESARIALES e I+D+i, en categoría 4ª. La superficie edificable dedicada a este uso alternativo no podrá ser superior al 50% de la que resulte de la aplicación de los parámetros de la ordenanza sobre la totalidad de la parcela.****".*

3.2. DEFINICIÓN DE ALTERNATIVAS CONSIDERADAS

Conforme ao establecido na Lei 21/2013 de avaliación ambiental, o órgano promotor debe definir unhas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables, incluídas entre outras a alternativa cero, que teña en consideración os obxectivos e o ámbito territorial de aplicación do plan.

Neste senso cabe poñer de manifesto a dificultade de establecer alternativas diferentes en relación ao alcance e contido da presente modificación. A cesión demanial outorgada polo Ministerio de Defensa de solo á Universidade de A Coruña sobre a parcela da Antiga Fábrica de Armas ten como obxecto a creación dun polo industrial e tecnolóxico dedicado ás tecnoloxías da información e de comunicación, para o que é imprescindible a alteración da actual regulación de usos da Norma Zonal 7.

En conclusión a única alternativa viable e tecnicamente posible é a realización da Modificación Puntual do Plan Xeral, nos termos en que esta se plantea.

4. DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DA MODIFICACIÓN

Tal e como xa se ten indicado no apartado 2 do presente documento a modificación puntual xustifícase pola necesidade de alterar a actual normativa urbanística do Plan Xeral de Ordenación Municipal referida á regulación de usos dentro da Norma Zonal 7, posibilitando a execución plena do grande complexo científico-tecnolóxico no ámbito das TIC.

Polo tanto o desenvolvemento previsible da modificación será significativo no referente ás posibilidades de executar dito complexo nas condicións establecidas na presente modificación puntual do Plan Xeral, nun ámbito onde o antigo uso industrial está decaído.

5. CARACTERIZACIÓN DO MEDIO ANTES DO DESENVOLVEMENTO DA MODIFICACIÓN

O ámbito obxecto da presente modificación puntual do Plan Xeral é o correspondente á cualificación de solo urbano consolidado “Norma Zonal 7. Instalaciones Especiales”, na parcela da antiga Fábrica de Armas, delimitado no plano de ordenación 0.6. “Zonificación”, cunha extensión superficial de 136.357 m^2, e que dende o punto de vista das súas características representa o dun uso industrial decaído.

6. POTENCIAIS EFECTOS AMBIENTAIS DA MODIFICACIÓN

Segundo o establecido na Lei 21/2013 de avaliación ambiental, o órgano promotor debe identificar, describir e avaliar os probables efectos significativos sobre o medio ambiente que poidan derivarse da aplicación do Plan ou Programa.

Así, e de acordo coas directrices establecidas con anterioridade para a redacción da modificación puntual, consistentes na alteración da normativa urbanística do Plan Xeral de Ordenación Municipal no referido á Norma Zonal 7; **estímase que os previsibles efectos ambientais xerados pola actuación non son significativos**, ou en todo caso teñen uns efectos positivos ao diminuír á metade a superficie máxima edificable no ámbito da antiga Fábrica de Armas, en relación coa actualmente prevista, e incrementar a presenza na cidade de A Coruña das actividades vinculadas ás TIC, nun ámbito industrial actualmente decaído.

Non procede por tanto facer unha análise das consecuencias sobre as variables ambientais.

7. INCIDENCIAS PREVISIBLES SOBRE PLANS E DIRECTRICES XERAIS E SECTORIAIS RELACIONADOS

7.1. ANTECEDENTES DE PLANEAMENTO

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña, foi aprobado definitivamente mediante acordo plenario de 25 de febreiro de 2013 (DOG 08.03.2013) redactándose conforme ao establecido na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

O Plan Xeral, na súa Normativa Urbanística, establece no art. 7.2.7. as determinacións da "Norma Zonal 7. Instalaciones Especiales" en solo urbano consolidado, que se corresponde coas áreas delimitadas nas instalacións da Refinería de Petróleos, INESPAL e Grafitos e a Fábrica de Armas.



7.2. PLANS E DIRECTRICES XERAIS E SECTORIAIS RELACIONADOS

- Directrices de Ordenación do Territorio

O ámbito da modificación do Plan Xeral atópase dentro da Rexión Urbana Ártabra definida polas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), concretamente na Área Urbana de A Coruña.

Nas determinacións das DOT non existe ningunha que poida relacionarse directamente co proposto pola presente modificación puntual do Plan Xeral.

- Plan de Ordenación do Litoral

O Plan de Ordenación do Litoral (POL) redáctase co obxectivo básico de establecer os criterios, principios e normas xerais para unha ordenación territorial da zona litoral de Galicia, en base ao estudo da súa paisaxe litoral.

O POL non establece determinación algunha na área obxecto da modificación como ámbito dentro do solo urbano consolidado da Cidade de A Coruña.



PLAN ORDENACIÓN DO LITORAL

Dende o punto de vista da lexislación sectorial existen as seguintes afeccións:

- Afeccións en materia de patrimonio cultural.

  No que respecta á lexislación en materia de patrimonio cultural indicar que o ámbito está afectado polo territorio histórico do Camiño de Santiago Inglés, delimitado mediante Decreto 110/2014, de 4 de setembro, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 178).

- Afeccións en materia de estradas.

  No que respecta á lexislación en materia de estradas indicar que o ámbito é colindante coa estrada AC-11 de titularidade estatal, sendo de aplicación as determinacións establecidas na “Ley 37/2015 de carreteras”.

- Afeccións en materia de costas.

  No que respecta á lexislación en materia de costas o ámbito da modificación está parcialmente incluído dentro da zona de influencia de costas, regulada no art. 30 da “Ley 22/1988 de Costas”.

- Afección en materia de augas.

  Polo linde oeste e sur do ámbito discorre canalizado e soterrado o rego de Quintáns, sendo de aplicación o “T.R. de la Ley de Aguas” aprobado mediante R.D.L. 1/2001.

- Afeccións en materia de aeroportos.

  No que respecta á lexislación sectorial en materia aeroportuaria, o ámbito atópase afectado polas servidumes de aeródromo e radioeléctricas, e polas servidumes de operación do aeroporto de A Coruña-Alvedro segundo as delimitacións da Axencia Estatal de Seguridade. Son de aplicación as servidumes aeronáuticas establecidas conforme á “Ley 48/60, de 21 de julio sobre Navegación Aérea”, o “Decreto 584/72, de 24 de febrero de servidumbres aeronáuticas” na súa actual redacción, o Real Decreto 374/1996 de 23 de febreiro, polo que se modifican as servidumes establecidas no aeroporto de A Coruña e a proposta de servidumes aeronáuticas contidas no Plan Director do Aeroporto de A Coruña, aprobado por “Orden del Ministerio de Fomento de 31 de julio de 2001”.

Dicir en relación a isto que as que son directamente aplicables ao ámbito obxecto da modificación son aquelas referidas ás operacións das aeronaves que limitan a altura das novas edificacións.

Indicar que dado o alcance da presente modificación consistente nunha alteración puntual da súa normativa urbanística, as afeccións sectoriais teñen un alcance limitado.



8. XUSTIFICACIÓN DA APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

O artigo 6 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental regula o ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica, diferenciando entre avaliación ambiental estratéxica ordinaria e avaliación ambiental estratéxica simplificada.

No caso da Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña óptase pola avaliación ambiental estratéxica simplificada en base ás seguintes consideracións:

1º. A modificación non establece o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental.

2º. Non existe afectación a espazos incluídos na Rede Natura 2000.

Pola súa banda o artigo 46.2.a) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, establece que serán sometidos a avaliación ambiental estratéxica simplificada as modificacións menores dos instrumentos de planeamento, neste caso a alteración puntual da Normativa Urbanística do Plan Xeral.

Conforme ao anterior, queda plenamente xustificada a aplicación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada á Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña.

9. XUSTIFICACIÓN DA SELECCIÓN DE ALTERNATIVAS CONSIDERADAS

Toda vez que non se plantean alternativas viables técnica e xuridicamente non é preciso realizar selección algunha.

10. MEDIDAS PREVISTAS PARA CONSERVAR O MEDIO AMBIENTE

Dado que a modificación proposta non mostra efectos ambientais significativos de carácter estratéxico, tal e como xa se detallou no apartado 6 do presente documento, non se considera necesario establecer medidas dirixidas a reducir, eliminar ou compensar os posibles efectos negativos que se poidan producir sobre o medio.